



MATERIAIS DE FORMACION CRISTIÁ

2024

A ÚNICA ESPECIE CAPAZ
DE CAMBIAR O PLANETA

Guía para catequistas
e formadores

O EFECTO
SER HUMANO

Migrantes climáticos



Vicariato Católico de Soddo

Catequese:

- Infancia
- Adolescencia
- Mocidade
- Adultos

Manos Unidas
CAMPAÑA CONTRA EL HAMBRE

Día do Xaxún Voluntario

Venres, 9 de febreiro de 2024

Xornada Nacional de Manos Unidas

Domingo, 11 de febreiro de 2024

MANOS UNIDAS: QUE É E QUE FAI?

Manos Unidas é a Asociación da Igrexa católica en España para a axuda promoción e desenvolvemento dos países máis empobrecidos, que dá vida ás palabras de Xesus Cristo: “Tiven fame e déstesme de comer; tiven sede e déstesme de beber”. En 1959 lanzou a primeira Campaña contra a fame.

É, tamén, unha Organización Non Governamental de Desenvolvemento, de voluntarios, católica e segrar.

A súa misión é loitar contra a pobreza, a fame, a enfermidade... e traballar para erradicar as causas estruturais que as producen.

Faino mediante actividades de educación para o desenvolvemento: charlas, cursos, campañas, e a través de proxectos de cooperación ao desenvolvemento, traballando de xeito conxunto, cos socios locais e as comunidades ás que acompaña.



QUE PRETENDE?

- ❖ Sensibilizar a comunidade cristiá e convidar a **compartir** vida, experiencia e bens, cos irmáns máis necesitados, **colaborando para saciar a fame de pan, de Deus e de cultura**; así, todos xuntos, faremos realidade o soño de Deus: que **todos teñamos unha vida digna**.
- ❖ Ofrecer, a catequistas e formadores, recursos para un itinerario formativo que axude ao compromiso contra a desigualdade que alimenta a fame tomando conciencia da responsabilidade que temos na perpetuación das estruturas de pecado e da necesidade de transformalas para facer real o **principio de “dignidade”** que nos iguala a todos como seres humanos e traballar para liberar á humanidade da tiranía da pobreza e construír unha **“Casa común sostible sen pobreza, fame nin desigualdade”, convidando a vivir unha conversión ecolóxica desde a sobriedade, para frear o consumismo que nos consome** e descarta a miles de seres humanos.

“De Yahvé é a terra e canto contén” (Sal. 24,1). A Terra é un don de seu para que todo ser humano saque dela o necesario para vivir con dignidade.

“Neste sistema, que tende a fagocitalo todo en orde a acrecentar beneficios, calquera cousa que sexa fráxil, como o medio ambiente, queda indefensa perante os intereses do mercado divinizado, convertidos en regra absoluta (Papa Francisco, Evangelii Gaudium 56).

“É trágico o aumento dos migrantes fuxindo da miseria empeorada pola degradación ambiental, que non son recoñecidos como refuxiados nas convencións internacionais e levan o peso das súas vidas abandonadas sen protección (Laudato Si’ 25) (LS)

FRONTE Á DESIGUALDADE CLIMÁTICA, XUSTIZA CLIMÁTICA

A Creación xeme con dores de parto mentres busca a súa plenitude na unificación co Creador.

Existe “unha verdadeira «débeda ecolóxica», particularmente entre o Norte e o Sur” (Papa Francisco).

En Manos Unidas apostamos por “liberar a humanidade da pobreza, a fame e a desigualdade” para afrontar o reto da dignidade. En 2024 enfocámonos cara a **un planeta sostible, sen pobreza, fame nin desigualdade**, porque existe unha “*íntima relación entre os pobres e a fragilidade do planeta*” (LS16).

Queremos poñer de manifesto a inxustiza climática, que ten a súa orixe no cambio climático e lévanos a tomar medidas para que millóns de persoas afectadas poidan vivir dignamente.

Para os pobres máis esquecidos da nosa oprimida e devastada terra, que “*xeme e sofre dores de parto*”, (LS 2) son inseparables a preocupación pola natureza e a xustiza cos empobrecidos. Porque a dignidade humana está intimamente ligada ao dereito a vivir nun medio ambiente san e a dispoñer de forma equitativa dos recursos da terra.

“O home parece, ás veces, non percibir outros significados do seu ambiente natural, senón soamente aqueles que serven aos fins dun uso inmediato e consumo. En cambio, era vontade do Creador que o home se puxese en contacto coa natureza como “dono” e “custodio” intelixente e nobre, e non como “explotador” e “destrutor” sen ningún reparo”. (Xoán Paulo II, Redemptor hominis).

Moitos dos problemas ambientais teñen a súa causa na actividade humana. O consumismo desenfreado e a cultura do descarte na que estamos inmersos provocan a deterioración do planeta, e a crise humana e social que o acompaña. No sistema mundial actual prima a especulación e a procura de renda financeira, sobre a dignidade humana e o coidado da casa común.

O dano ao planeta está relacionado, sobre todo, coa actividade económica dos países desenvolvidos; mentres que os impactos e consecuencias sófrenos os pobos vulnerables do Sur, que teñen na terra o seu modo de vida e que non participaron en orixinar o problema.

● “Non contaminamos igual”.

✓ 10% da poboación máis rica consome ao redor do 39% de toda a enerxía que se produce no mundo e emite case o 48% das emisións globais. Mentres o 10% máis pobre confórmase cun 2% da enerxía total e emite o 12% das emisións globais.

● “O cambio climático non nos afecta por igual”

✓ Mentres unha parte da humanidade ten moitas posibilidades de facer fronte ás adversidades climáticas, preto da metade da poboación mundial vive en contextos considerados “altamente vulnerables” ao cambio climático.

E as consecuencias son palpables:

- ✓ Desigualdade climática e fame.
- ✓ Contaminación das augas.
- ✓ Subida do nivel do mar.
- ✓ Aumento de migracións climáticas.

Encamiñámonos cara a un escenario de “**segregación climática**” na cal: “*os máis ricos poden pagar para escapar da calor, a fame e os conflitos, mentres que se deixa sufrir o resto do mundo*”.

“A cultura ecolóxica (...) debería ser unha mirada distinta, un pensamento, unha política, un programa educativo, un estilo de vida e unha espiritualidade que conformen unha resistencia perante o avance do paradigma tecnocrático” (LS 111).



CATEQUESE DE INFANCIA

RECOÑECEMOS (Recoñecer para interpretar)



INDIA

Manos Unidas

Nandini vive na India, nunha aldea onde nin o poboado nin a escola teñen electricidade. Grazas ao apoio de Manos Unidas, teñen luz con paneis solares e puido estudar coas novas tecnoloxías.

733 millóns de persoas non teñen electricidade, 15 veces a poboación de España.



REP. DEM. DO CONGO

Manos Unidas/Javier Mármol

Etienne é un neno congolés que ata hai pouco traballaba nunha mina de coltán, o que poñía en perigo a súa saúde e a súa vida. Coa colaboración de Manos Unidas puido volver á escola e gozar da súa infancia.

40.000 nenos son vítimas do traballo nas minas de coltán, cobalto e cobre, case 2.000 veces os 22 xogadores que compiten nun campo de fútbol.

HONDURAS



Manos Unidas

Marineli naceu nun pobo de Honduras, onde non podían beber a auga por estar contaminada por mor das verteduras dunha fábrica téxtil. Manos Unidas apoiou á asociación veciñal para conseguir que a fábrica tratase os residuos industriais e recuperase o manancial.

Tirar unha vez da cisterna, gasta a mesma cantidade de auga que a que ten a familia de Marineli para lavarse, beber e cociñar durante un día.

● Pensar: pegada humana

- ▲ Como usas a electricidade na túa casa?
- ▲ Tes móbil? Que uso fas del?
- ▲ Cres que gastas máis auga da que necesitas? Por que?
- ▲ Como inflúen os teus hábitos de consumo na vida de Nandini, Etienne e Marineli?

INTERPRETAMOS (Interpretar para elixir)

● Ler

- ▲ "E viu Deus todo o que fixera e era moi bo" (Gn 1, 31).
- ▲ "O reino dos ceos é semellante ao gran de mostaza (...) que se **se coida** faise árbore" (Mt 13, 31).

● Pensar

- ▲ Que agasallos fíxoche Deus?
- ▲ Por que crees que o que fixo Deus é bo?
- ▲ Como coidas o mundo creado por Deus?
- ▲ Que te fai feliz?

● Facer

- ▲ Debuxa un carro da compra.
- ▲ Escribe dentro 20 cousas que a xente desexaría comprar para ser máis feliz se tivese cartos.
- ▲ Agora escribe ao redor do carro 20 cousas que te fagan sentir ben de verdade e non se poidan comprar con diñeiro (aventuras, detalles de agarimo, amigos, ...)
- ▲ Con que quedas? Co que hai dentro do carro ou o de fóra?



Alberto Prieto

ELIXIMOS (Elixir para actuar)

Se todas as persoas concienciámonos da importancia de consumir menos, e poñemos en práctica pequenos xestos conseguiremos un mundo máis xusto para todos os seres vivos.

- **Reflexionar**
 - ▲ Que pequenos xestos podemos facer?
 - ▲ Como podemos contalo á familia, amigos, no colexio?
- **Redactar** unha mensaxe sobre a importancia e consumir menos e coidar o medio ambiente. Compartilo coa familia, amigos...



Manos Unidas/Marta Carriño

CELEBRAMOS E ORAMOS (Celebrar para agradecer)

- **Organizar un encontro de familias:**
 - ▲ Levar comida para compartir e decorar con obxectos reciclados.
- **Poñer tres carteis con estas mensaxes:**
 - ▲ “Para mellor o mundo conservar, do que consumimos; recortar”
 - ▲ “Para mellor o mundo conservar, do que tiramos; reciclar”
 - ▲ “Para mellor o mundo conservar, do que nos cansamos; reutilizar”
- **Dialogar sobre as frases anteriores.**
- **Rezar xuntos:**

Vou facéndome maior, Señor,
e iso faime feliz.
Axúdame, Señor, a crecer tamén no corazón.
Que sexa mellor cada día,
que o teu amor me encha por dentro
ata contaxiar os que me rodean.
Que me preocupe do mundo,
da natureza que creaches e que nos
empeñamos en ensuciar.
Quero parecerme a ti,
traballar con amor, coidar aos demais e
ao planeta no que vivimos.



CATEQUESE DE ADOLESCENCIA

RECOÑECEMOS (Recoñecer para interpretar)


● Ver o vídeo: "A traxedia electrónica" <https://youtu.be/zdB1QVpCMI0>

- ▲ Compartir impresións.
- ▲ Relacionar as ideas destacadas.
- ▲ Cales son as causas de que haxa tanto lixo tecnolóxico? E as consecuencias?
- ▲ Tes dispositivos que non funcionan? ou que funcionan e non usas? Que fas con eles?

● Algúns datos:

- ▲ 435.000 toneladas de residuos procedentes duns 4.500 millóns de teléfonos móbiles refugados. (Equivalen a 9,4 billóns de euros en materias primas).
- ▲ O ciclo de vida medio destes aparellos está comprendido entre 18 meses e 2 anos.
- ▲ En Nixeria traballan ao redor 100.000 persoas no sector do lixo electrónico e contámanse coas substancias tóxicas destes dispositivos.

● Observar o gráfico:



- ▲ Que países xeran máis lixo?
- ▲ A que continentes pertencen?
- ▲ Dialogar sobre esta realidade e sacar algunha conclusión en relación co coidado do planeta e a pobreza.

● España xerou en 2020 máis de 960.000 toneladas métricas de lixo electrónico (Statista).

- ▲ Onde vai este lixo?
- ▲ Cales son as consecuencias que xera?



INTERPRETAMOS (Interpretar para elixir)

“Os crentes estaban todos unidos e posuían todo en común. Vendían bens e posesións e repartíanas segundo a necesidade de cada un. A diario acudían fielmente e unánimes ao templo; nas súas casas partían o pan, compartían a comida con alegría e sinxeleza sincera” (Hch 2, 44-45).

“Deus destinou a terra e canto ela contén para uso de todos os homes e pobos. En consecuencia, os bens creados deben chegar a todos en forma equitativa baixo a égida da xustiza e coa compañía da caridade” (Compendio da Doutrina Social da Igrexia, 171).

“Que os seres humanos destrúan a diversidade biolóxica na creación divina; que os seres humanos degraden a integridade da terra e contribúan ao cambio climático, espindo a terra dos seus bosques naturais ou destruindo as súas zonas húmidas; que os seres humanos contaminen as augas, o chan, o aire. Todos estes son pecados». Porque «un crime contra a natureza é un crime contra nós mesmos e un pecado contra Deus” (LS 8).

“Trátase da convicción de que «menos é máis». A constante acumulación de posibilidades para consumir distrae o corazón e impide valorar cada cousa e cada momento. En cambio, o facerse presente serenamente perante cada realidade, por pequena que sexa, ábreunos moitas máis posibilidades de comprensión e de realización persoal. A espiritualidade cristiá propón un crecemento con sobriedade e unha capacidade de gozar con pouco. É un retorno á simplicidade que nos permite deternos a valorar o pequeno, agradecer as posibilidades que ofrece a vida sen apegarnos ao que temos nin entristecernos polo que non posuímos. Isto supón evitar a dinámica do dominio e da mera acumulación de praceres” (LS 222).

● Organizar grupos.

- ▲ Repartir os textos e traballalos por grupos.
- ▲ Destacar as ideas que expón cada texto. Que chama a atención?
- ▲ Extraer as ensinanzas.
- ▲ Relacionar as mensaxes co consumo a nivel persoal e comunitario.
- ▲ Que achegan os textos ao coidado da casa común?

● Poñer en común e sacar conclusións para os crentes.

- Redactar xuntos un decálogo de accións para reducir a pegada electrónica e enfrontar a inxustiza climática nos países empobrecidos.

- **Revisar os hábitos de consumo.**
 - ▲ Completar o cadro cos dispositivos electrónicos que tedes.

DISPOSITIVOS	TOTAL	EN USO	EN DESUSO
TABLETA			
MÓBIL			
SMARTWATCH			
ORDENADOR			
CONSOLA			
AURICULARES			
OUTROS			


- **Compartir no grupo: Que pegada electrónica deixas?**
 - ▲ Cres que son moitos, poucos ou suficientes?
 - ▲ Que uso haz de cada un deles? É un uso responsable?
 - ▲ Que fas cun dispositivo cando se estraga? Arránxalo, tíralo, recíclalo...?
 - ▲ Cantos deses dispositivos son realmente necesarios?

- **Lembrar** o visto no apartado **“RECOÑECER”**
 - ▲ Cres que o consumo de aparellos electrónicos inflúe nos efectos do cambio climático nos países máis empobrecidos? Por que?
 - ▲ Como inflúe concretamente o teu consumo?
 - ▲ A redución, a reparación, a reutilización e a correcta reciclaxe son algunhas das claves para paliar o impacto ambiental.

- **Expor accións** de denuncia que se poidan realizar a nivel persoal e do grupo.

- **Asumir un compromiso** do decálogo do apartado **“INTERPRETAR”**.

- **Comentar** o tema coa familia.





Manos Unidas

CELEBRAMOS E ORAMOS (Celebrar para agradecer)

● Reunirse para orar e celebrar.

- ▲ Ofrecer as intencións para cambiar a pegada electrónica.
- ▲ Presentar os compromisos persoais.
- ▲ Rezar xuntos:

Señor, talvez non teña moitas cousas para dar, pero recibín moitos dons para compartir cos demais.

Apréndeme a non ser egoísta, a pensar primeiro nos demais e a compartir con alegría. Apréndeme a compartir o que son e o que teño.

Que non me apegue ás miñas cousas e mas garde, senón que aprenda a ofrecelas, para que todos poidan gozar co que recibín.

Teño moito para dar, e os meus bens e talentos pódense multiplicar se os comparto.

Xesús, cambia o meu corazón e que comparta o que teño porque dando recíbese e compartindo descóbrese a túa presenza no noso corazón. Amén

● Festexar compartindo como facían os primeiros cristiáns.

● Cantar e bailar coa canción

“Himno á casa común”

(Emanuel Etchegaray)

<https://youtu.be/kPXm5jyROs0>



Manos Unidas/Pompeyo Sancho



CATEQUESE DE MOZOS

RECOÑECEMOS (Recoñecer para interpretar)

- **Ver vídeo:** Mensaxe de alerta do Papa Francisco sobre o coidado da casa común:
<https://youtu.be/Yw0tTAOQyRw>

SABÍAS QUE O CAMBIO CLIMÁTICO...?:

- Está provocado polo consumismo irracional no que se basea o noso modelo de desenvolvemento e xera inxustiza climática.
- Trae ano tras ano máis miseria, dor e morte a millóns de persoas, en todo o mundo, sobre todo, nos países máis vulnerables.
- Impacta de forma máis grave nas comunidades máis empobrecidas do planeta, que son as que menos contribuíron ao problema.
Ver información na ligazón: <https://bit.ly/zonas-mas-afectadas>

ALGUNS DATOS:

- ▲ No norte de Kenya (África), as mulleres deben camiñar entre 10 e 15 km diarios para recoller auga, cargando con case 20 kg.
 - ▲ 10% da poboación máis rica do planeta consome ao redor do 39% da enerxía que se produce no mundo.
 - ▲ 10% máis pobre usa un 2% da enerxía total.
 - ▲ 1% da poboación mundial con maior riqueza, xera máis emisións de gases de efecto invernadoiro que o 50% máis pobre.
 - ▲ Preto de 733 millóns de persoas non teñen acceso á electricidade, dos cales, 568 millóns de persoas viven en África.
- **Compartir que chama a atención deste apartado, extraendo algunhas mensaxes.**



Manos Unidas/Concha Sáez



Manos Unidas

INTERPRETAMOS (Interpretar para elixir)

1.- Sentir e sentir:

só se ve ben co corazón.

● Que suxiren estas afirmacións?

- ▲ “O planeta ofrece canto o home necesita, pero non canto o home cobiza” (M. Gandhi).
- ▲ “A humanidade ten que tomar unha decisión: cooperar ou morrer” (Antonio Guterres).
- ▲ “A crise ecolóxica pode poñer en perigo a existencia mesma da especie humana” (Papa Francisco).
- ▲ O consumismo devora, afecta o planeta e ás persoas con consecuencias graves para os máis vulnerables.

● Como afectan á Creación e ás persoas?

2.- Mirada crente.

LER OS TEXTOS:

“E así resulta que, cando vos reunides, non comedes a cea do Señor. Pois uns adiántanse a consumir a súa propia cea, e mentres un pasa fame, outro se emborracha. Non tedes casas para comer e beber? Menosprezades a asemblea de Deus e avergoñades aos que nada posúen? Que podo dicirvos? Vou encomiarvos? Nisto non vos encomio” (1 Cor 11, 20 – 22).

“A salvación do medio ambiente está a ser o máis brillante negocio das mesmas empresas que o aniquilan” (Eduardo Galeano).

“... Hai unha verdadeira «débeda ecolóxica», particularmente entre o Norte e o Sur, [...] O quecemento orixinado polo enorme consumo dalgúns países ricos ten repercusións nos lugares máis pobres da terra, especialmente en África, onde o aumento da temperatura unido á seca fai estragos no rendemento dos cultivos” (LS 51).

“Se «os desertos exteriores se multiplican no mundo porque se estenderon os desertos interiores», a crise ecolóxica é un chamado a unha profunda conversión interior. Pero tamén temos que recoñecer que algúns cristiáns comprometidos e orantes, baixo unha escusa de realismo e pragmatismo, adoitan burlarse das preocupacións polo medio ambiente. Outros son pasivos, non se deciden a cambiar os seus hábitos e vólvense incoherentes. Fállles falta entón unha conversión ecolóxica, que implica deixar brotar todas as consecuencias do seu encontro con Xesucristo nas relacións co mundo que os rodea.

Vivir a vocación de ser protectores da obra de Deus é parte esencial dunha existencia virtuosa, non consiste en algo opcional nin nun aspecto secundario da experiencia cristiá” (LS 217).

● Pensar e compartir:

- ▲ Que aspectos da realidade denuncian?
- ▲ Que valores achegan ao coidado da Casa Común?
- ▲ Como cuestionan os hábitos de consumo?



ELIXIMOS (Elixir para actuar)

Estamos chamados a unha “conversión ecolóxica” entendida como unha transformación, persoal e comunitaria, na nosa relación coa Creación de Deus. Deus coida do mundo, como o coidas ti?

- ▲ Que tipo de enerxía consómese? (en alimentación, hixiene, roupa, transporte...)
- ▲ Pensar e compartir accións que se poden facer para impulsar a xustiza climática.
- ▲ Persoalmente
- ▲ Comunitariamente

● **Para completar**

- ▲ Iniciativas
<https://bit.ly/acciones-concretas>
- ▲ Video fórum
<https://bit.ly/videoforum-12h>

● **Conversión:** Como se liberar da escravitude do consumismo?

- ▲ Formular compromiso

CELEBRAMOS E ORAMOS (Celebrar para agradecer)

● **Presentar os compromisos**

● **Rezar xuntos:**

Oh Deus, Señor da creación!
O teu amor derramouse no
universo, enchéndoo de beleza.
Axúdanos a coidala
para que todos os teus fillos gocemos dos seus bens.

● **Encomiar a Deus:** https://youtu.be/_JqTnJREwaM






CATEQUESE DE ADULTOS

RECOÑECEMOS (Recoñecer para interpretar)

- Ver o vídeo “O coidado da Casa Común” <https://youtu.be/JKaqo9hRVIA>

▲ Compartir causas e consecuencias dos males que afectan aos máis vulnerables.



FONTE: Centro de Monitoreo de Desplazamiento Interno (IDMC)

- Algúns datos:

- ▲ O 10% da poboación máis rica consome ao redor do 39% da enerxía que se produce.
- ▲ O 10% máis pobre utiliza un 2% da enerxía.
- ▲ “Unha persoa pertencente ao 1% máis rico do mundo, usa 175 veces máis carbono que una no 10% máis pobre.
- ▲ Preto de 64 millóns de persoas deben desprazarse por efectos de fenómenos climáticos.
- ▲ Desprazados internos por desastres en 2019. (Ver gráfico).

- Reflexionar:

- ▲ Como te sitúas perante a realidade presentada?
- ▲ Que accións cotiás da túa vida xeran impacto no cambio climático?

INTERPRETAMOS (Interpretar para elixir)

Un dos factores que inflúen no cambio climático e danan ao planeta, provocando pobreza, fame e desigualdade, é o consumo desmedido, que nos devora.

“Entre as cuestións esenciais, como non pensar nos millóns de persoas, especialmente mulleres e nenos, que carecen de auga, comida e vivenda? O escándalo da fame, que tende a agravarse, é inaceptable nun mundo que dispón de bens, de coñecementos e de medios para emendalo. Isto impúlsanos a cambiar os nosos modos de vida e lémbra-nos a urxencia de eliminar as causas estruturais das disfuncións da economía mundial, e corrixir os modelos de crecemento que parecen incapaces de garantir o respecto do medio ambiente e un desenvolvemento humano integral para hoxe e sobre todo para o futuro”

(Bieito XVI, Discurso ao corpo diplomático, 2007)



Manos Unidas

“É trágico o aumento dos migrantes fuxindo da miseria empeorada pola degradación ambiental. (...) Lamentablemente, hai unha xeral indiferenza perante estas traxedias, que suceden agora mesmo en distintas partes do mundo. A falta de reaccións perante estes dramas dos nosos irmáns e irmás é un signo da perda daquel sentido de responsabilidade polos nosos semellantes sobre o cal se funda toda sociedade civil” (LS 25).

“Abre a túa boca a favor do mundo, pola causa de todos os abandonados, abre a túa boca, xulga con xustiza e defende a causa do mísero e do pobre” (Prov 31, 8-9)

“Dado que o mercado tende a crear un mecanismo consumista compulsivo para colocar os seus produtos, as persoas terminan mergulladas no vórtice das compras e os gastos innecesarios” (LS 203)



“Hai que manter con claridade a conciencia de que no cambio climático hai responsabilidades diversificadas e, [...] corresponde enfocarse «especialmente nas necesidades dos pobres, débiles e vulnerables, nun debate a miúdo dominado por intereses máis poderosos. Necesitamos fortalecer a conciencia de que somos unha soa familia humana. Non hai fronteiras nin barreiras políticas ou sociais que nos permitan illarnos, e por iso mesmo tampouco hai espazo para a globalización da indiferenza” (LS 52).

● Pensar e compartir:

- ▲ Que relación hai entre a pobreza e a fragilidade do planeta?
- ▲ Como che interpela a realidade á luz da Palabra de Deus e o ensino da Igrexa?
- ▲ Como cuestiona as túas actitudes e hábitos cotiáns?

ELIXIMOS (Elixir para actuar)

O compromiso de xustiza cos máis vulnerables aos impactos climáticos arrinca da nosa fe na Creación. Desde a perspectiva cristiá, cremos que: “De Yahvé é a terra e canto contén” (Sal 24,1). A Terra é un don de seu para que todo ser humano saque dela o necesario para vivir con dignidade.

● Revisar hábitos

- ▲ Consumes o que necesitas ou consumes o que che venden? Con que criterio compras?
- ▲ Infórmaste sobre o que consumes? (Como se fabricou, que recursos se utilizaron...)

● Apostar por unha vida austera, avanzando cara a un consumo responsable.

- ▲ Que actitudes e hábitos debes cambiar para mellorar o coidado da Creación e o dos nosos irmáns máis vulnerables? (A nivel persoal, comunitario e da sociedade)
- ▲ Concreta un compromiso de hábitos a modificar ou instaurar na túa vida.

CELEBRAMOS E ORAMOS (Celebrar para agradecer)

- Organizar un encontro festivo de oración.
- Rezar con algún dos textos do apartado **INTERPRETAR**.
- Presentar ao Señor os desexos que suscita o tema.
- Orar xuntos co Noso Pai, (a oración da fraternidade).
- escoitar a canción e celebrar con ela.
<https://youtu.be/IBW15T++OvqVE>
- Compartir unha comida / merenda / cea sobria.



PARA PROFUNDAR NOS TEMAS DESTA GUÍA

- [Conecta tu estilo de vida con la pobreza \(enlazateporlajusticia.org\)](http://enlazateporlajusticia.org)
- Migrantes climáticos. <https://bit.ly/41oGqQA>
- “Laudado Si” o coidado da casa común. <https://acortar.link/BaDT1c>
- 10 consellos do Papa Francisco para coidar o planeta. <https://youtu.be/ensZY7touvc>
- Coidemos a Casa Común, Papa Francisco. <https://youtu.be/GNZ3WrYZ6B4>
- É sustentable o noso consumo? https://youtu.be/N35G-n_41uY

CLIPMETRAXES PARA CONCIENCIAR SOBRE O COIDADADO DA CASA COMÚN E A XUSTIZA CLIMÁTICA

- Consumismo. <https://bit.ly/42BNquv>
- 2036. <https://bit.ly/3nCGGhl> ¿Reaccionamos tarde?
- Malas costumes. <https://bit.ly/41jNC0g>
- Data de caducidade. <https://bit.ly/3pdJvWk>
- Aforro-auga-acción. <https://youtu.be/kbapRUTjj64>
- Deixa que a terra che aprenda unha lección. <https://youtu.be/0-CaqvYZAs>

Manos  Unidas

900 811 888 - manosunidas.org